

AS PERÍFRASES VERBAIS

1. Localiza e clasifica as perífrases verbais:

- a) Nalgún momento todos temos que facer algo que nos custa dar rematado.
- b) Despois de tres intentos, acabou por sacar o carné.
- c) Moito levo estudado para este exame e aínda vou seguir ata a noite.
- d) O tren ha de saír ás sete, así que debes recollerme unha hora antes.
- e) Non sei que lle pasou, pero botouse a correr e non parou ata chegar á casa.
- f) Non deben de entenderse moi ben, pois levan berrando toda a tarde.
- g) Onte houben cer na beirarrúa, pero afortunadamente axudoume Ricardo que estaba a limpar os cristais.
- h) Vese moi débil a Saínza, pois vén de pasar unha semana enferma.
- i) Por fin dei rematado este libro!
- j) Parece que quere saí o sol, así que vai poñendo a roupa no balcón.

2. Nas seguintes oracións distingue os complexos verbais das perífrases xustificando a túa resposta. No caso de seren perífrases substitúeas por outras de significado semellante.

- a) Aínda tes que contarnos o que quixeches facer onte.
- b) "Nisto veuse vindo a noite / i arrematada a faena, / Martiño, sempre con pena, /foise indo cara ó lugar"(Curros Enríquez).
- c) Diego non puido seguir o camiño de noite porque levaba rotos os faros do coche.
- d) Raúl sempre puido facer todo canto quixo, pero agora non ha poder.
- e) Quería convidarte a vir comigo ao cine.
- f) Xa sei que levas estudando toda a tarde, así que saír un pouco hache facer ben.
- g) Xa levo visto tantas veces esa representación que as actrices chegaron a ser como da miña familia.
- h) Se consigues abrir a lata, lévalla a Paco, que el debe saber como preparalo.
- i) Oívos cantar mentres estaba varrendo a cociña.

3. Completa os enunciados usando unha perífrase do tipo indicado que teña como verbo auxiliado unha forma do infinitivo indicado entre parénteses, como no exemplo:

..... (LER, Modal de obriga) máis e así (ENTENDER, Futuridade xeral) mellor: *Tes que ler máis e así vas entender mellor.*

- a) Cecilia xa (SEMENTAR, Aspectual reiterativa) neste campo, pero agora, coa xeadá, (BUSCAR, Aspectual imperfectiva) unha zona mellor.
- b) Custoulles o seu, pero finalmente (REMATAR, Aspectual imperfectiva) o traballo pola mañá.
- c) Xa sei que ti (FACER, Modal hipótese) todo ben se queres.
- d) O pasado luns Santiago (TRABALLAR, Aspectual perfectiva), pero nun mes (COMEZAR, Futuridade xeral) de novo.
- e) (CHEGAR, Futuridade inmediata) o outono. Non sentes que xa (IR, Aspectual incoativa) fresco?
- f) A mestra (LEVANTAR, Aspectual terminativa) o castigo ao seu alumnado.
- g) Diego (XOGAR, Aspectual imperfectiva) toda a tarde e (REMATAR, Modal hipotética) canso.

4. Transforma as seguintes oracións de xeito que utilices unha perífrase que exprese o mesmo valor que os elementos subliñados.

- a) Daquela Manuel viuse obrigado a traballar no campo, pero pouco a pouco e co paso do tempo deuse conta de que aquilo non era para el.
- b) Quizais chova mañá, pero de todos os xeitos iremos á casa de Alba.
- c) Estivo a piques de perdelo todo por culpa do xogo. Afortunadamente, a familia axudouno outra vez.
- d) Tras moitos meses de tensión, por fin conseguiu marchar de vacacións e relaxarse.
- e) A empanada está a punto de cocerse e á auga xa lle falta pouco para ferver.
- f) Este exercicio xa o fixen en moitas ocasións.